

TEXTO PARA LER

As tapas dos sumidoiros son un elemento importante dos sistemas de infraestrutura urbana e rural. Convertidos estes en subterráneos durante o século XIX, as súas arquetas proporcionan un sistema de acceso seguro á rede de cloacas. Pero por que son tan pesadas esas tapas?

Son varias as razóns que podemos barallar, mais seguramente a principal é que as bocas dos sumidoiros engaden unha capa protectora entre o sistema de latrinas e a superficie pola que todas e todos camiñamos, proporcionan unha barreira robusta e irrompíbel entre o mundo exterior e a entrada aos túneles subterráneos.

Aínda que se poden levantar, realmente son demasiado pesadas para que unha persoa non profesional as poida erguer e isto é así porque se trata dun elemento de seguridade, ademais dun punto de acceso ou unha interesante peza de infraestrutura.

Debido ao seu peso (unha boca estándar pesa máis de 113 kilogramos), as tapas deben manter un equilibrio adecuado entre ser o suficientemente pesadas como para que non se movan ou non se desprendan cando o tráfico pase por riba, pero no ser tan pesadas como para que os traballadores do servizo non poidan levantalas cun gancho de sumidoiro.

En definitiva, todas as razóns xiran arredor da seguridade, pois tamén é importante que persoas non autorizadas e con ganas de falcatuadas non poidan levantar a tapa do pozo e entrar nos sumidoiros sen permiso, formación nin equipo adecuados.